

Clave sinxeleza

A marxe na que cabe o mundo



PILAR PONTE

Cando penso en Carlos Casares, ao que non tiven o pracer de coñecer persoalmente, vénme a imaxe dun home de nariz prominente, fronte despexada, ollos pequenos e riso amplo, con aire ao tenente Colombo. Tamén me vén asemade esa sensación de importancia inherente aos persoeiros que se me vai cando o imaxino rodeado dos trens e co gato no colo.

Isto vén a conto porque acabo de ler *Á marxe, 1998*, o sétimo volume dunha serie de dez en que, desde 2005, a editorial Galaxia vai recollendo as columnas que co devandito nome Carlos Casares escribiu diariamente no xornal *La Voz de Galicia* entre 1992 e 2002. Nesta ocasión Iago Martínez Durán é o encargado da compilación.

Sucédense os días a través das páxinas e lamento a perda temperá do autor, hoxe habería de ser unha estrela da blogosfera con eses textos breves zarrapicados aquí e alí de humor,

ironía, comprensión e amizade.

Xa outros teñen sinalado a sinxeleza como unha das claves do éxito desta columna xornalística xa que non hai nos textos



exercicios estilísticos requintados nin linguaxe rebuscada. Podemos dicir que o autor, consciente do medio que está a empregar, elabora unha mensaxe asequible para a maioría do público. Mais tamén podemos sinalar outra característica, esa forma de contar as cousas facéndonos

crer que temos unha cadeira ao seu carón na cea de verán cos seus amigos. Ese achegamento afectivo ao público lector valeulle a popularidade.

Na columna “Tópico certo” lembra unha sinatu-

ra de libros na Coruña e un momento da viaxe de volta á casa en coche, ese instante gozoso en que lle pareceu verdadeira a afirmación tan manida de que un escribe simplemente para que o queiran. E eu, agardando que non sexa demasiado tarde confírmolle, señor Casares, o éxito na súa empresa: non se pode lelo e non querelo.

A tenrura é outro dos ingredientes fundamentais destas máxicas marxes de Casares, e non pense ningún que se trata dun sentimento cursi. En moitas ocasións trátase dunha explosión final resultado do contraste entre a visión do neno Carlos e a crúa realidade circundante, como podemos atopar na columna “Confusión”.

Como aínda reza nas páxinas de *La Voz de Galicia*, con Carlos Casares o mundo cabía nunha marxe. Coa lectura deste volume visitei parte dese mundo, agora agardo nun futuro próximo ter a oportunidade de seguilo explorando a través dos seis volumes anteriores e daqueles que aínda están por vir.

CASARES, Carlos, *Á Marxe, 1998*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 375 páxinas